# A PENEIRA

Xornal galego para o debate, a cultura, o ensino e o lecer

ANO 4 | Edición nº 46 | Outubro de 2021 | Precio 2 euros

**Reformas na zona deportiva do Parque A Canuda**
Páxina 3

**PP Ponteareas: O bipartito a piques de perder os 5 millóns de euros da EDUSI**
Páxina 6

**Clube Natación de Ponteareas con tres novos campións galegos**
Páxina 6

**Mondariz pon en marcha un servizo de baleirado de pozos negros e fosas sépticas**
Páxina 10

**O circuito do CTAG gaña 55.000 m² para as seis pistas na Cañiza**
Páxina 11

**SOS Fonte de Troncoso presentou unha queixa polo estado do Hotel Roma**
Páxina 12



*A alcaldesa Cristina Fernández Davila (centro), e a segunda tenente de alcaldesa, Chus Garrote (dereita) asinaron este 1º de outubro o novo PXOM xunto á conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez (á esquerda).*

# Ponteareas xa ten PXOM

páxina 7

## Portugal - Alto Minho

**Piscina Municipal de Monção reabre ao público**
Páxina 13

**Autárquicas: "Rosas" passam a predominar no Alto Minho**
Páxina 14

**Municipio apoia valorização do Templo da Srª da Peneda**
Páxina 15

**Fernando Pimenta campeão mundial de K1 1000m**
Páxina 16






# Plan de Mobilidade Urbana Sostíbel de Salvaterra de Miño

O Concello de Salvaterra de Miño arranca coa elaboración do seu Plan de Mobilidade Urbana Sostíbel (PMUS), unha ferramenta de planificación da mobilidade e que ten como obxectivos favorecer os desprazamentos e modos de transporte enerxéticamente máis eficiente; potenciar, consolidar e definir novos itinerarios peonís e en bicicleta, asegurando a seguridade das persoas; mellorar a seguridade viaria e a accesibilidade..., en definitiva mellorar a calidade de vida dos nosos cidadáns na búsqueda dunha mobilidade o máis sustentable posible.

O PMUS é un documento que está sendo elaborado por técnicos competentes en materia de mobilidade que que será a guía de ruta das diferentes accións que o Concello realice no futuro, tendo como eixo fundamental a promoción da mobilidade a pé, minimizar o impacto do tráfico rodado, accións en materia de seguridade viaria e a recuperación de espazos para as persoas, facendo do noso concello un municipio máis eficiente, ecolóxico, saudable e moderno

Con motivo da elaboración deste Plan durante estes días realizaranse diversas enquisas a pe de rúa e habilitarase un enlace para que todos os veciños e veciñas poidan facer as súas aportacións a través https://forms.office.com/r/p8PTW9mF9do

# Obras de saneamento nos barrios de Carrascal e Enxembre de Fornelos

Comezaron as obras de ampliación do saneamento no lugar de Carrascal por un importe superior aos 45.000,00€ a través do Plan Concellos da Deputación. Consisten na limpeza, corte e demolicións de firme, completar a rede de servizos existentes e a reposición das gavias. Serán 442 metros de tubería de PVC de 250mm de diámetro. O tramo a executar desembocará no colector existente.

No barrio de Enxembre, as obras por un importe de máis de 48.000 € están financiadas a través dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo e o Concello de Salvaterra de Miño. Servirán para mellorar a rede de saneamento municipal, levándose a cabo actuacións de limpeza, corte e demolicións de firme. Executaranse 200 metros de tubería de PVC de 315mm de diámetro nominal, que desembocará nun pozo de bombeo.

# Últimos retoques para o inicio do curso



Despois dun verán onde se realizaron as obras de mantemento dos centros Educativos, nestes días estamos dándolle os últimos retoques, estamos coas últimas limpezas para que estea todo a punto para o inicio do curso escolar.

Durante a época de vacacións véñense realizando diversas obras de mantemento nos diferentes centros educativos. Por un lado no Cra A Lagoa leváronse a cabo obras de mantemento conxuntamente cos profesores e país e nais das diferentes unitarias co fin de darlle un lavado de cara as escolas das parroquias.

Ao mesmo tempo traballamos con diversas cuadrillas na adecuación de aulas, pintado, arranxos varios, revisións de caldeiras, electricidade, fontanería, desratizacións e desbroces dos patios no CEIP Infante Felipe, CEP Carlos Casares e CEIP Leirado.

Ademais seguirase o mesmo protocolo de desinfección nos centros, xa consensuado o ano pasado, co fin de garantir ao máximo as desinfeccións e protocolos COVID marcados por Educación-

# Cursos para maiores



O Concello de Salvaterra de Miño presenta os cursos para maiores que serán impartidos no Centro Social do Maior en Leirado a partires do mes de outubro.

As actividades realizaranse no antigo Consultorio Médico de Leirado que este equipo de goberno rehabilitou e dotou co fin de adecuar esta instalación ás necesidades actuais, ademais de crear un centro social para maiores que sexa un referente para eles onde se poidan reunir, onde poidan convivir, crear lazos de unión e realizar diversas actividades enfocadas en exclusiva para eles.

O centro conta cunha sala multiusos, un despacho, unha biblioteca e unha sala de reunións.

As actividades levaranse a cabo tendo en conta todos os protocolos COVID e abrirán a súa inscrición do 20 ao 30 de setembro. Realizarase un curso de novas tecnoloxías, onde se ensinará a utilizar diversas aplicacións a través do móbil, se farán talleres de memoria, con orientación á realidade e exercicios específicos, talleres de manualidades, xogos de mesa ou paseos en compaña; en definitava actividades que buscan incentivar a socialización entre os máis maiores.

Aridos do Mendo, s.l.

Mendo áridos e formigóns





Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos e Formigóns

# Reformas na zona deportiva do Parque Público A Canuda



O Concello de Salvaterra de Miño ven de rematar a obra de reparación do valado da pista polideportiva do Parque Público A Canuda. Deste xeito, a pista luce unha imaxe máis rexuvenecida e segura para a práctica deportiva.

Por outra banda, tamén están a rematar as obras na zona da piscina, onde se está cambiando o peche perimetral, as aceras e procederase a replantar toda a zona de herba, obra que confiamos se a situación sanitaria o permite poidamos desfrutar para o próximo verán..

Antes de final de ano onstalaranse tres plataformas de "skate" na zona do foso, para completar un espazo moi utilizado por numeroros rapaces e rapazas.

Para rematar, se procederá tamén a cambiar a rede que rodea as pistas de tenis, modernizando a contorna deportiva de toda a zona e lucindo unha imaxe renovada e práctica.

# O Concello aproba as bases de axuda ao sector do comercio afectado pola crise do COVID

Un dos sectores máis afectados pola situación sanitaria provocada pola COVID-19 , sen lugar a dúbidas, é o do comercio, debido á redución de horarios de apertura e limitacións de aforo, así como polos peches temporais que viñeron impostos a un gran número de negocios.

O Concello de Salvaterra de Miño ven de aprobar unha serie de axudas económicas para paliar, en parte, os gastos xerados polos sectores económicos (hostalería, comercio, axencias de viaxes, ximnasios ou similares, sempre que sexan PEMES con ata 10 persoas empregadas e autónomos) que viron afectada a súa actividade durante a pandemia, co fin de que os prexudicados por esta situación, poidan sufragar os gastos fixos realizados entre o 14 de marzo de 2020 ata o 31 de decembro de 2021. O importe destinado a esta convocatoria é de 28.624,41€uros, ao abeiro da Liña 2, cantidade adicional, do Plan Concellos 2021 da Deputación de Pontevedra. Unha axuda que complementa os 38.000,00€ que o Concello de Salvaterra de Miño aportou ao 2º Plan de Rescate da Xunta de Galicia para chegar de forma áxil e directa ao sector da hostalaría.

# A biblioteca viaxeira



Un ano máis a Biblioteca Municipal de Salvaterra viaxa polas parroquias a través do programa de dinamización da lectura "ler conta moito".

As parroquias de Salvaterra, Cabreira, Leirado, Meder e Arantei acollerán dende o último venres de setembro e os catro primeiros de outubro diversas actividades de animación e dinamización enfocados a fomentar o hábito da lectura entre os nenos e nenas de Salvaterra de Miño.

Dun xeito fresco e divertido a Biblioteca sae a rúa, viaxa polas nosas parroquias, ofrecendo aos máis cativos actividades creativas e obradoiros que perseguen dunha maneira lúdica chegar ao maior número de nenos e nenas, un programa enfocado a fomentar o hábito da lectura.

Por segundo ano consecutivo, e despois do éxito acadado o ano pasado a pesares da situación sanitaria, as actividades de dinamización á lectura dan un salto ás diferentes parroquias que conforman o noso Concello, e que poden ter máis difícil acceder dun xeito habitual á biblioteca municipal.

As actividades están dirixidas a nenas e nenos maiores de 7 anos, e serán con aforo limitado. Para participar é preciso inscribirse no teléfono 637108343 ou no correo electrónico biblioteca@concellodesalvaterra.org.

LISTADO DE ACTIVIDADES:

.Venres 24/09/2021. Actividade de animación "O museo científico" por Xesús Fernández. Lugar: Biblioteca Municipal de Salvaterra de Miño.

.Venres 01/10/2021. Actividade de robótica educativa. Creatividade inspiradora, impartido por A Nube Animación. Lugar: Centro Cultural Xerme de Cabreira.

.Venres 08/10/2021. Actividade de animación á lectura "Desenvolvemento da creatividade a través do debuxo" impartido por Yago García. Lugar: Casa de Cultura de Leirado.

. Venres 15/10/2021. Obradoiro de animación á lectura "A arte de ler. Bolsas de mochila" impartido polo GRUPO O FAIADO DE NIN. Lugar: Casa de Cultura de Meder.

. Venres 22/10/2021. Actividade de animación á lectura " Atrapados con Harry Potter" impartido por David Ballesteros. Lugar: Casa do Mestre en Arantei.



CONDADO/PARADANTA

# A Deputación adxudica a mellora da mobilidade peonil na EP-4006 no treito antigo do colexio de Leirado




Salvaterra xa ten adxudicada a mellora da mobilidade peonil na EP-4006 no treito antigo do Colexio de Leirado, unha obra que ascende a 186.000 euros e que está financiada nun 80% pola Deputación de Pontevedra (148.800 €) e nun 20% polo concello de Salvaterra. Así o anunciou a presidenta provincial, Carmela Silva, tras aprobación desta adxudicación na Xunta de Goberno.

As actuacións, enmarcadas no modelo de mobilidade sostible, segura e amable da Deputación de Pontevedra, servirán para mellorar a seguridade e mobilidade das persoas ao realizar un camiño escolar seguro cara o colexio de Leirado. Ademais, executarase unha senda peonil de 2,5 m de ancho dende o CEIP ata o cruce coa PO-402, reducirase a velocidade a 30 km/h diante do centro escolar e executarase un paso sobreelevado para dar acceso ao alumnado do colexio de forma segura.

Tamén se creará unha beirarrúa de formigón coloreado que dea continuidade ao itinerario peonil e unha zona de estacionamento de autobuses segura e ben delimitada á beira do colexio. Finalmente, as obras contemplan a execución dunha nova rede de pluviais, amais dunha nova capa de rodadura e novo pavimento, pintado e sinalización horizontal e vertical.

# Bordón Grellado, gañador do LIV Concurso de Gaitas do País



A agrupación Bordón Grellado alzouse co primeiro premio no LIV Concurso de Gaitas do País de Ponteareas celebrado no Auditorio Municipal Reveriano Soutullo e que contou coa participación de sete agrupacións de música tradicional.

A agrupación foi premiada con 1.800 euros ademais dunha gaita e dun tamboril doados por Artesanía de Galicia. O segundo premio, dotado con 1.200 euros, foi para o grupo Arghaço, mentres que Avelaíña fíxose cos 900 euros do terceiro premio e Bran Cuartet cos 600 do cuarto.

O concurso desenvolveu un pasarrúas dende a Casa do Concello ata o auditorio, onde ademais dos grupos gañadores tamén se subiron ao escenario os grupos As Bágoas do Toxo, Rodamuíños e Os Paporrubios.

# Homenaxe á profesora Aurora pola súa xubilación





O pasado 11 de Setembro celebrouse unha comida-homenaxe para festexar a xubilación da profesora Aurora Ramilo Alfaya despois de anos de dedicación á docencia na escola pública.

Na celebración estivo acompañada pola súa familia e por compañeiras e compañeiros que quixeron compartir con ela ese momento e amosarlle o seu cariño e agarimo nunha data tan importante. Compañeiras e compañeiros que coincidiron con ela nalgún momento da súa vida profesional e que puideron gozar da súa experiencia, do seu bo facer e dedicación ao ensino.

O xantar desenvolveuse nun clima distendido de alegría e de emocións. Ao longo do mesmo a profe Aurora foi obsequiada cuns agasallos de recordo de tan sinalado momento, que agradeceu cunhas emotivas palabras.

Só nos queda desexarlle moita felicidade nesta nova etapa que agora inicia, que sabemos vai encarar coa mesma intensidade que adoita dedicar a cada novo proxecto.

FORO A PENEIRA

**Director:** Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

**Tradución e corrección:** Montserrat Rodríguez
cursosespanhol.cep@gmail.com

**Edita:** Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com
**Imprime:** Publicaciones Tameiga S.L.
**Publicidade:** Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com
**Deseño e maquetación:** Fran Eiró

**Colaboradores:** Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela. Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

**Depósito legal:** VG 226-2018

EDITORIAL

Guillermo Rodríguez. Director



# A utilidade do inútil

Despois de darlle moitas voltas aos variados temas de actualidade sobre o que podería ofrecerlles nas miñas reflexións, dei cun libro que me chegou estes días dun escritor italiano, profesor e filósofo: Nuccio Ordine. O libro titúlase “LA UTILIDAD DE LO INÚTIL”.

Non se trata da inutilidade que acostumamos a considerarlle a todo o que nos resulte dificilmente medible. Dende nenos nos veñen ensinando que se algo non ten aplicación práctica resulta algo inútil.

Pero Nuccio Ordine ofrécenos unha acepción moito máis extensa poñendo no centro das súas reflexións a idea do útil allea a toda finalidade utilitaria. Existen saberes que son fins por si mesmos e que poden exercer un papel fundamental no cultivo do espírito e no desenvolvemento civil e cultural da humanidade.

Este filósofo italiano anúncianos que a lóxica do beneficio mina pola bases institucións (escolas, universidades, centros de investigación, laboratorios,museos, bibliotecas, arquivos), así como as disciplinas humanísticas e científicas, nas que o seu valor debería coincidir co saber en si mesmo, independentemente da súa capacidade para producir ganancias de inmediato ou prácticos beneficios.

É certo que con frecuencia os museos e os xacementos arqueolóxicos poden ser tamén fontes de beneficios, de ingresos. Pero a súa existencia, en contra do que algúns nos querern facer ver, non pode subordinarse aos resultados económicos. A existencia dun museo, dunha biblioteca son tesouros para a humanidade, que a colectividade debe perservar a toda costa.

Por iso non é verdade que en tempos de crise todo estea permitido. Nestes momentos Europa asemellase moito a un teatro en cuxo escenario vemos cotidianamente sobre todo acreedores e debedores. Non hai reunión política ou cumio das altas finanzas en que a obsesión polos presupostos (orzamentos) non constitúa o único punto da Orde do día.

O “fármaco”da dura austeridade, como veñen observando varios economistas, en vez de sanar ao enfermo esta debilitándoo cada vez máis, sen preguntarse por que razón as empresas e os os estados teñen contraido tales débedas. O rigor, estrañadamente, non fai mella na rampante corrupción nin nas fabulosas retribucións de explíticos, executivos,, banqueiros, superconselleiros...os múltiples responsables desta deriva recesiva, non senten turbación algunha polo feito de que quen teña que pagar sexan sempre os da clase media, os máis debiles, millóns de inocentes desposuidos da súa dignidade.

Non se trata de escamotear neciamente a responsabilidade polas contas que non cadran. Pero tampouco é posible ignorar a sistemática destrución de toda forma de humanidade e solidariedade. Os bancos e os acreedores reclaman implacablemente, como Shylock no “El mercader de Venecia”, a libra de carne viva, de quen non pode resistir a débeda.

Así, con crueldade, moitas empresas (que se aproveitaron durante décadas da privatización dos beneficios e da socialización das perdas) despiden os traballadores, mentras os gobernos suprimen os empregos, o ensino, a asistencia social aos discapacitados e a sanidade pública.

O dereito a ter dereitos queda, de



feito sometido á hexemonía do mercado, co risco progresivo de eliminar calquera forma de respecto polas persoas, transformando os homes e mulleres en mercadorías e diñeiro. Este perverso mecanismo económico deu vida a un mostro, sen patria e sen piedade, que rematará negando tamén ás futuras xeracións toda forma de esperanza.

Neste brutal contexto, a utilidade dos saberes inútiles enfróntase radicalmente á utilidade dominante que, en nome dun exclusivo interee económico, mata de forma progresiva a memoria do pasado, as disciplinas humanas, as linguas clásicas, o ensino, a libre investigación, a fantasía, a arte, o pensamento crítico e o horizonte civil que debería inspirar toda actividade humana.

No universo do utilitarismo, en efecto, un martelo vale máis ca unha sinfonía,un coitelo máis ca unha poesía, unha chave inglesa máis ca un cadro: porque é facil facerse cargo da eficacia dun utensilio, mentres resulta cada vez máis dificil entender para que poidan servir a música, a literatura ou a arte.

Xa dixera Rousseau que os antiguos políticos falaban incesantemente de costumes, de virtudes; actualmente só falan de comercio, de diñeiro.” Desbótase todo o que non é útil, observa Diderot, porque o tempo é demasiado precioso para perdelo en especulacións ociosas”

Sexa suficiente reler os versos de Charles Baudelaire para comprender a incomodidade do poeta-albatros, maxestuoso dominador dos ceos que, unha vez descendido entre o público, sofre a mofa dun público atraído por intereses moi distintos:

“Este alado viajero, ¡que trope y débil es! / Él otrora tan bello, ¡qué feo y qué grotesco! /¡Uno, va y le fastidia el pico con la pipa,/ Y al que volaba, enfermo, cojeando otro le imita!”.

Grazas a Boudelaire, grazas a Nuccio Ordine por elevarnos por enriba das miserias deste pobre mundo.

Que sexan moi felices; que as cousas “inútiles” lles sexan de proveito.

# 400 quilos de lixo do Tea retirados na xornada do proxecto ‘Móllate polos ríos’

Ponteareas reforzou a súa conciencia ambiental participando na limpeza simultánea do proxecto ‘Móllate polos ríos’, promovida por Adega e xestionada na vila pola plataforma “Defendendo o Tea”. Un total de 15 persoas voluntarias percorreron o Tea para retirar o lixo atopado na beira ou no interior do río, axudando así a “poñer en valor o noso patrimonio natural, pertencente á Rede Natura 2000, e axudando a resaltar a importancia de mantelo limpo polo benestar de todos e todas”, explica a concelleira de Medio Ambiente, Rosa Covelo.



Durante toda a xornada extraéronse arredor de 400 quilos de lixo, entre os que destacou a gran cantidade de pneumáticos, toalliñas, plásticos e latas. Retirouse tamén un televisor e un colector de lixo. “Atopámonos moitas cousas que chegan ao río por descoñecemento, como as toalliñas húmidas que, aínda que poña nos paquetes que son biodegradables, en moitos casos rematan penduradas das árbores do río e tardan moitísimo en desaparecer”, asegura Covelo.

# O río Tea acolle unha solta de alevíns de salmón

Ponteareas continúa achegando o seu gran de area ao proxecto Migramiño, unha iniciativa que busca mellorar a protección e xestión sostible do espazo natural da fronteira que conforma a subconca internacional do Miño, incluíndo os seus afluentes. A alcaldesa, Cristina Fernández; a concelleira de Medio Ambiente, Rosa Covelo; e a edil de Infraestruturas básicas, Lola Covelo, acompañaron á directora xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia, Belén do Campo, na visita á área recreativa da Freixa, onde se procedeu a unha solta de alevíns de salmón.



O concello de Ponteareas participou “de forma moi activa” neste proxecto que contou con fondos Feder e no que se traballou dende o ano 2017 con Portugal para protexer e conservar as poboacións de peixes migradores na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal. En total, ao longo de todo o proxecto liberáronse máis de 100.000 xuvenís de salmón e 1.600 quilos de anguías no tramo internacional do río Miño.

# O bipartito a piques de perder os 5 millóns de euros da EDUSI

O Grupo Municipal do PP leva meses advertindo do atraso que o Goberno bipartito vén carrexando na realización das obras pertencentes á Estratexia de Desenvolvemento Urbano-Sostible e Integrado ( EDUSI), unha demora que podería derivar na perda dos cinco millóns de euros que foron concedidos para a mesma.

"Non esquezamos que nas bases e pregos da convocatoria, estes fondos eran concedidos cunha condición de prazos. Se en 2020 non se executaban e xustificaban estas actuacións corríase o risco de perder a axuda", lembran desde o PP.

Os populares accederon ao expediente no que o bipartito solicita unha nova prórroga, de ata polo menos o ano 2024, "deixando o traballo á futura corporación" e mostran a súa preocupación pola pósible perda e negativa do Ministerio para conceder máis prórrogas.

"Imos solicitar que se convoque a Comisión da EDUSI e que se informe semanalmente de todos os pasos que se van dando para a realización e xustificación dos investimentos contemplados. Ponteareas non pode perder esas axudas".

Os populares tenden a man á actual alcaldesa para colaborar na estratexia e sacar adiante este proxecto que supón un gran investimento para Ponteareas.

# Ponteareas levou o Corpus á Semana Verde de Galicia




Silleda convertiuse no mellor escaparate para o Corpus de Ponteareas. O Concello participou na Semana Verde de Galicia formando parte do stand do Xeodestino Condado-Paradanta, onde se deu a coñecer a todo o público participante a única festa galega de arte efémero declarada de Interese Turístico Internacional.

Foi dunha oportunidade "para achegar unha das nosas festas máis emblemáticas aos miles de visitantes que pasan cada edición por esta feira que acolle unha morea de certames turísticos paralelos, como Turexpo Galicia ou Festur", salientou a concelleira de Turismo, Eva Gil Solla.

# Clube Natación de Ponteareas con tres novos campións galegos



Moi bos resultados do Club Natación Ponteareas tras o seu paso pola V edición do Campionato Galego de Augas Abertas celebrado en Castrelo de Miño, a derradeira proba do circuíto galego exprés.

Entre os méritos máis salientables acadados polos nadadores e nadadoras club do Condado destacaron os de Iria Lemos, campioa galega infantil; de Pablo Cabana, campión galego Junior-1; e de Andrea Domínguez, campioa galega Júnior-2, todos eles en 5000 metros. Pola súa banda, Naroa Estévez conseguiu bronce na categoría alevín tras cubrir o percorrido de 1250 metros.

Na categoría Máster os nadadores e nadadoras do CNPonteareas acadaron tamén numerosos podios nas diferentes franxas de idade logo de nadar os 2500 metros. Por equipos, a nivel absoluto o Club Natación Ponteareas acadou o primeiro posto feminino e en conxunto, mentres que na categoría Máster acadaron a primeira posición masculina, feminina e conxunta.

# A Xunta mellorou as beirarrúas da PO-403 no cruce coa N-120

O Grupo Municipal do PP agradeceu a actuación da Xunta de Galicia de reparar un tramo de 200 m2 de beirarrúa e mellorar a seguridade na PO-403, que vai de Ponteareas a Salvaterra de Miño, concretamente no cruzamento coa N120 ou tamén coñecido como cruzamento de Mondariz.

As obras supuxeron un investimento de máis de 7.000 euros por parte da administración autonómica no municipio de Ponteareas.

TALIER
SALÓN
Alfonso Vázquez Fraile, 5 bj. PONTEAREAS
CITA PREVIA ✆ 986 641579
peluqueriatalierlmt@gmail.com

Funeraria Porto
SERVICIOS FUNERARIOS
Telf. y Fax: 986 641 891
Móviles: 608 883 955 y 649 376 959
PONTEAREAS - Pontevedra

PINTURAS
BARCO LEÓN
PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES
Los precios más baratos del mercado
PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO
Paseo Matutino,2. 986 660 379 - 686 571 679. Ponteareas
Villanueva,18. 986 651 145 - 609 366 364. A Cañiza

# Ponteareas xa ten PXOM



Ponteareas conta con Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) tras case dúas décadas de paralización urbanística. A alcaldesa, Cristina Fernández Davila, e a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, presidiron o acto de sinatura da aprobación definitiva do PXOM acompañadas pola Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Encarnación Rivas; o Xefe territorial da CMATV de Pontevedra, José Manuel González; a segunda tenente de alcaldesa de Ponteareas, Chus Garrote; e o director técnico do equipo redactor do plan, Alejandro Arias.

Trátase dun momento "transcendental na historia recente do Concello de Ponteareas" despois de seis anos de traballo intenso dende o Concello. "Malia os desencontros que se produciron coa Xunta, con dúas aprobacións do Plan fallidas, a perseverancia deste goberno e a vontade decidida e compartida de Concello e Xunta para lograr un entendemento deu finalmente os seus froitos", salientou a alcaldesa.

A entrada en vigor do PXOM suporá un novo urbanismo "radicalmente diferente do que vivimos durante décadas" e conlevará un impulso determinante para o desenvolvemento territorial, social, cultural e económico de Ponteareas. Como destacou a rexedora, "moitos proxectos, públicos e privados, levan anos agardando a aprobación e entrada en vigor deste plan para facerse realidade".

O Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ponteareas asinado este venres marcará un antes e un despois para o municipios, xa que reactivará a economía e a creación de emprego, atraerá investimentos de emprendedores ao novo solo industrial ponteareán, garantirá os postos de traballo das actividades e instalacións empresariais que hoxe están sometidas a ameaza de demolición e peche.

O PXOM dará solución ao comercio e a hostalaría que non podía até agora legalizar ou ampliar a súa actividade e permitirá ao Concello dispoñer de terreos para novos equipamentos deportivos, sanitarios, educativos ou medioambientais e para novos espazos públicos como parques ou aparcadoiros.

"O novo Plan traerá todo isto e moito máis nun intre especialmente favorábel, cun Concello que dende hai varios anos traballa guiado pola planificación estratéxica inédita na nosa historia e traducida en instrumentos coma a EDUSI, o Plan de Mobilidade, o Plan Director de Saneamento e agora o PXOM", asegurou a segunda tenente de alcaldesa, Chus Garrote.

O Goberno municipal herdou en 2015 un Concello paralizado urbanisticamente dende que a Xunta decretara en 2002 a suspensión das Normas Subsidiarias de Planeamento Urbanístico de Ponteareas "para poñer coto ás anomalías urbanísticas que se viñan producindo, con graves prexuízos para o interese xeral".

O goberno presidido polo daquela alcalde, Xosé Represas, foi quen de aprobar un primeiro PXOM en 2016 que foi rexeitado pola Xunta en 2017 esixindo numerosos cambios. Tras incluír as modificacións esixidas, Ponteareas aprobou en 2019 un novo plan que tampouco satisfixo as demandas da administración pública.

A iniciativa do Concello, dende 2020 o equipo técnico municipal e o da Xunta traballaron coordinadamente para asegurar que o documento atendera a todos os requirimentos da Xunta, unha colaboración "que cristaliza por fin neste Plan Xeral que hoxe se aproba definitivamente e que dá resposta a unha arela colectiva e a unha necesidade imperiosa que non podía xa agardar máis", explicou a rexedora.

Pola súa banda, a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, destacou que "hoxe comeza un novo Ponteareas tras moito tempo e sacrificio". Un plan xeral que "dende a Xunta consideramos fundamental para unha Galicia máis ordenada, sostible e rica, un plan xeral para todos e todas, para que Ponteareas siga medrando e o faga con sentido".

A alcaldesa agradeceu o esforzo do persoal municipal implicado nos traballos de redacción do PXOM, así como á empresa redactora, á Xunta e a todos os partidos municipais que apoiaron ou participaron no proceso de redacción para mellorar o Plan Xeral e, sobre todo, á veciñanza de Ponteareas, "especialmente pola súa paciencia e por ter soportado con tesón as consecuencias derivadas da inexistencia dun Plan Xeral durante case dúas décadas. A vós e aos sectores económicos especialmente atinxidos polas oportunidades que se abren dende hoxe, animovos a construír xuntos esta nova Ponteareas, porque hoxe comeza un novo futuro para todas e todos nós".

## O PSdeG esixe á Xunta un novo centro de saúde

A Agrupación Socialista de Ponteareas presentou no pleno municipal unha moción para acadar ó apoio da Corporación e instar á Xunta de Galicia e a Consellería de Sanidade a iniciar cóa máxima urxencia ós tramites para a construción dun novo centro de saúde.

O actual centro, que data de 1987, non conta coas instalacións suficientes e aceptables para atender á veciñanza local e da Comarca, en particular tomando en conta o actual estado das salas de espera e de parto, a falta de aire acondicionado, o colapso da sala de urxencias PAC, particularmente visible coa pandemia, e o debido cumprimento da normativa das atencións médicas.

Os socialistas de Ponteareas apoian así as demandas da Plataforma en Defensa da Sanidade Pública do Condado, os cales tamén piden a cobertura das prazas de persoal sanitario e non sanitario ante o déficit actual.

**MARTIRENA**








# O pleno aproba por unanimidade o convenio para a ampliación da depuradora



O pleno de Ponteareas reuniuse o pasado martes para tratar distintos asuntos de importancia para a vila. Entre eles, destaca a aprobación por unanimidade do convenio de colaboración para a ampliación e reforma da depuradora do municipio. As catro forzas políticas representadas votaron a favor do acordo do Concello coa Xunta de Galicia e o Estado, que permitirá levar a cabo as obras de ampliación e reforma da estación depuradora de augas residuais da Moscadeira, dando así solución a un dos problemas históricos máis graves da vila, a contaminación do Tea e a falta de saneamento no rural.

O convenio contempla un investimento de 11,7 millóns de euros para a execución e explotación destas actuacións de saneamento e depuración, financiados ao 50% polo Estado con fondos europeos, ao 30% polo Concello e ao 20% pola Xunta. As obras tamén contemplan a mellora do saneamento, reducindo as filtracións e separando as augas procedentes da choiva que ata o de agora aumentaban o caudal que recibía a depuradora. Todas estas actuación deberán estar rematadas en 2021.

Durante o pleno tamén se aprobaron os días festivos para o ano 2022, acordados previamente coas asociacións de comerciantes da vila, e que serán o 20 de xuño e o 29 de setembro. Outro dos asuntos relevantes que se discutiron no pleno foi a moción de urxencia presentada pola concellaría de Educación, que dirixe a alcaldesa Cristina Fernández Davila, para solucionar a falta dun traballador social no centro de educación especial Saladino Cortizo. Foi aceptada, e todos os partidos aceptaron reclamar o máis rápido posible a ocupación desta praza e tamén solicitar que ese posto non sexa amortizado nin por baixa nin xubilación, xa que é imprescindíbel no centro educativo.

# ACiP denuncia "desidia municipal" no control sanitario das fontes públicas

Alternativa Cidadá de Ponteareas (ACiP) denunciou que "os veciños consomen diariamente auga das fontes sen que ninguén lle garanta se son aptas as mesmas. A situación é grave pois na actualidade o Concello só analiza 5 fontes públicas das máis de 200 existentes no Concello e máis cando dous destas non son aptas para o seu consumo".

Xa en 2015, ACiP presentou unha moción advertindo desta situación e a mesma foi aprobada por unanimidade de todos os grupos con 3 puntos importantes: 1º.- Que se realizase un censo das fontes públicas no Concello(a data de hoxe non existe); 2º.- Que se realicen as analíticas necesarias segundo normativa de todas as fontes públicas (a data de hoxe realízanse un analítica e só en 5 fontes e unha vez ao ano); 3º.- Que dita analíticas sexan publicadas na páxina web do Concello.

En 2019, continúa ACiP, "o Concello contéstanos nun escrito que non se están realizando ningún tipo de control nas fontes públicas". A formación independente acusa o "descontrol existente no Concello entre as disputas dos Concelleiros en repartición de Poder e a pasividade da Alcaldesa como responsable desta área provoca estas situacións que pon en perigou gravemente aos veciños ante a desidia do Goberno local".

# PP Ponteareas advirte sobre os efectos no recibo da auga da ampliación da EDAR

O Grupo Municipal do PP lamentou a nefasta negociación realizada polo bipartito para a ampliación da EDAR da Moscadeira que, en caso de aprobarse, vai supoñer un grave prexuízo económico para o consistorio e para todos os pontareanos que verán incrementado o seu recibo da auga durante os próximos 25 anos que dura a concesión e explotación da infraestrutura.

Os populares consideran que o bipartito, BNG e PSOE, poden exercer presión nas administracións que agora mesmo gobernan, como Estado e Deputación de Pontevedra para mellorar estas condicións e que non recaia toda a responsabilidade no Concello e nos veciños de Ponteareas. Tamén informaron de que o convenio establece que as obras finalizarían, no mellor dos casos en 2024, polo que sería a partir dese ano que se empezaría a pagar o préstamo.





O Club Petanca do Condado segue coa súa racha gañando os trofeos do torneo de dupletas e tripletas de Negreira na Coruña, tras ser dúas veces campión de Galicia e participando no campionato de España en Maiorca e Barcelona.









PONTEAREAS

# Os rapaces e rapazas de Ponteareas coñecen o novo modelo de mobilidade



Dentro das actividades da Semana Europea da Mobilidade de Ponteareas, 15 rapaces e rapazas percorreron o municipio para coñecer o novo modelo de mobilidade da vila do Tea. Non o fixeron sós, xa que os acompañaron a alcaldesa, Cristina Fernández Davila, o concelleiro de Mobilidade, Roberto Mera, e o concelleiro de Mocidade, Miguel Bouzó, para explicarlles a estratexia do Goberno Local de recuperación de espazo público para as persoas, sobre todo para a infancia, e para promover unha mobilidade sostible e máis saudable.

O grupo percorreu as rúas Concha Brey, Reveriano Soutullo, Senén Canido, e Morales Hidalgo analizando o reparto actual entre as persoas e os vehículos, o espazo existente para desprazarse a pé e en bicicleta e os atrancos para esa mobilidade. Tamén se mediu a anchura das beirarrúas e das calzadas para a circulación e estacionamento de vehículos, para que os rapaces e rapazas comprobaran que o espazo para as persoas é de soamente un 20 % da superficie total. Con estas dimensións, constataron que na meirande parte das beirarrúas non é posíbel que dúas persoas podan cruzarse cun paraugas aberto, espazo que, ademais, se ve reducido moitas veces por bolardos ou sinais de tráfico que reducen aínda máis a superficie libre de paso.

Como contrapunto a observación destas rúas o traxecto percorreu espazos que son mostras do novo modelo de mobilidade coma a rúa Paseo Matutino no seu primeiro tramo, como exemplo de rúa con beirarrúas amplas, arboradas e acondicionadas para os desprazamentos a pé e para a estancia e relación social, e a Praza Fernández Vega, grande espazo peonil de estancia e convivencia, que conta con numeroso arborado e unha plataforma única sen atrancos para accesibilidade.

O percorrido rematou cunha intervención no acceso dende a rúa Santa Ana á Praza Maior, que dende o pasado mércores é un lugar libre de vehículos a motor, onde os rapaces e rapazas pintaron símbolos para indicar que o lugar é un espazo peonil.

# Ponteareas promove a primeira liña de transporte público colectivo dende o rural ao Centro de Saúde



Aalcaldesa de Ponteareas, Cristina Fernández, e o concelleiro de Mobilidade, Roberto Mera, presentaron aos colectivos sociais de Guláns e Areas a primeira liña de transporte público colectivo dende as parroquias ao Centro de Saúde. Este proxecto forma parte da Semana Europea de Mobilidade na que Ponteareas participa por segundo ano consecutivo.

A petición do Concello de Ponteareas, a liña foi autorizada pola Xunta de Galicia para a súa prestación por parte da empresa Raúl S.A., quen conta coa concesión da liña escolar no mesmo percorrido. Porén, o servizo prestarase nun horario diferente ao lectivo.

De inicio o servizo prestarase todos os venres lectivos, con saída dende o barrio de Couso e percorrerá boa parte da parroquia de Guláns e o barrio de Ganade, na parroquia de Areas, chegando ao Centro de Saúde sobre as 07.45 horas, coincidindo co horario de servizos como as analíticas ou o Sintrom, e continuará até Ponteareas. O regreso realizarase ás 10.34 horas dende Ponteareas, pasando de novo polo Centro de Saúde e realizando o mesmo percorrido en sentido inverso.

O servizo prestarase baixo demanda, é dicir, só no caso de que as persoas usuarias o soliciten, ben a través do teléfono 988 687 800 (Rede de transporte público de Galicia) en horario de 08.00 a 20.00 horas ou en bus.gal. A solicitude debe realizarse antas das 19.00 horas do día anterior. O prezo da viaxe é de 1,5 euros, en total 3 euros ida e volta.

# ACiP demanda a modificación da ordenanza que regula a taxa por licencias de apertura e cambio de titularidade



Para Alternativa Ciudadana de Ponteareas resulta elemental incentivar a xeración de emprego na cidade, máis se cabe na situación na que nos atopamos tras a crise da Covid-19, e as súas consecuencias co peche de moitos pequenos e medianos negocios.

Unha das principais medidas que facilitarían o crecemento económico e na que o Concello de Ponteareas ten responsabilidade, é a regulación, mediante ordenanza municipal, das taxas para a licencia de apertura ou cambio de titularidade dentro do abono polo Imposto de Actividades Económicas (IAE). Nestes intres atopámonos cunha taxa na que non existe equidade entre os cidadáns, xa que en actividades similares, pero con distinto epígrafe no IAE existen diferenzas no abono de ata o triplo entre unhas e outras, atopando negocios que paguen 300 € mentres outros co mesmo tamaño superan os 900 €, unha cantidade desproporcionada para quen busca arrincar unha actividade. Para solventar este trato discriminatorio, dende ACiP propomos que se estableza unha tarifa plana en función dos metros do local, cunha base equitativa.

# Ponteareas e As Neves ofrecen dous obradoiros de emprego dual para 40 persoas desempregadas



Corenta persoas desempregadas de Ponteareas e As Neves poderán acceder a dous obradoiros de emprego dual que comezan en outubro na vila do Tea, un centrado na atención sociosanitaria de persoas dependentes e outro que formará ao alumnado na realización de actuacións forestais que se porán en práctica no parque da Picaraña de Ponteareas e no Chan de Vide das Neves. Estas accións formativas contarán cun orzamento de 347.000 euros que financia a Xunta de Galicia. Durarán nove meses e incluirán a posibilidade de realizar prácticas en empresas ao remate da formación.

Estes obradoiros son a continuación de dúas formacións similares que ambos concellos impartiron durante os últimos meses.

A formación no ámbito sociasanitario preparará ao alumnado para atender a persoas dependentes no domicilio, aprenderán un conxunto de ferramentas de atención dende unha perspectiva integral e normalizadora para atender a persoas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou sufran casos de desintegración familiar.

A formación en actuacións forestais consistirá en realizar as operacións auxiliares necesarias para a conservación e mellora do monte, para a repoboación forestal, para a corrección hidrolóxico-forestal e a execución de tratamentos silvícolas.

CONDADO/PARADANTA

MONDARIZ

# Mondariz pon en marcha un servizo municipal de baleirado de pozos negros e fosas sépticas

A recente adquisición dunha cisterna permitirá que os operarios municipais realicen estes traballos a partir de outubro nas parroquias e barrios que non están cubertos pola rede de sumidoiros



